



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1435/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

ANTECEDENTES

En data 25.04.2023 código de solicitude [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] solicita acceso a información pública en materia de celebración do mercadiño ambulante en san Cosme (Zamáns) e concretamente, o Boletín oficial da provincia no que se publicou a Ordenanza ou Regulamento, número de postos ambulantes, e cantos deles teñen autorización municipal e teñen exposta a autorización municipal, quen e como se cobran as taxas municipais e onde se ingresan.

En data 3.05.2023 emitiuse informe do Servizo de Comercio.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Copia do documento - Concello de Vigo 1435-1102	Data impresión: 26/10/2023 09:19	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada,

A vista da solicitude formulada consta no expediente informe ao abeiro do artigo 19.4 da LTAIBG de data 27.04.2023 asinado polo Xefe do Servizo de Comercio no que sinala *"Conforme á información do ano 2018 existente neste servizo de Comercio, o mercado no "Alto de San Cosme" viñase realizando en terreos da parroquia de Cela no Concello de Mos e en terreos no término municipal de Vigo alugados pola Asociación Veciñal e Cultural Celado á Comunidade de Montes de Zamáns, terreos que de conformidade co artigo 3 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en mano común son de natureza privada e colectiva.*

A venda en terreos de titularidade privada non está amparada pola vixente ordenanza reguladora reguladora da venda na vía pública e espazos abertos (BOP nº 246 de data 27/12/1995) nin pola Lei 13/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, a cal non distingue entre o exercicio de venda ambulante en terreos de titularidade pública ou privada; motivo polo cal deberase acudir a normativa urbanística, LSG, RLSG e PGOU 1993 en tanto que o exercicio de venda ambulante en terreos de titularidade privada constitúe un uso do solo suxeito á obtención de título habilitante conforme o disposto no artigo 142.1 da LSG e artigo 348 do RLSG e concretamente o 360.3 determina << 1. A comunicación previa en materia de urbanismo é o documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da Administración municipal que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que non está suxeito a licenza municipal e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

2. Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non recollidos no artigo 351 quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística establecido nesta sección.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:19	Páxina 2 de 4
1435-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

(...)

c) A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas. >>

A vista do informe emitido conclúese que a información solicitada non consta no servizo de Comercio polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG e polo tanto non pode ser facilitada.

TERCEIRO.- Da inadmisión.-

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.”

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.)

E por isto polo que procede inadmitir a solicitude formulada en tanto que o concello carece de dita información.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude formulada por [REDACTED] [REDACTED] ao abeiro do disposto no artigo 18.1.a) da LTAIBG en tanto que a información solicitada non consta no servizo de Comercio polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG

SEGUNDO.- Notificarlle ao solicitante e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:19	Páxina 3 de 4
1435-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (PD Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022) Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:19	Páxina 4 de 4
1435-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		